

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 14 de febreiro de 2008 pola que se modifica a do 3 de agosto de 2007 pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Estimados os recursos de alzada interpostos por María Prado Freire, Raquel Paz Rodríguez, José Luis Paz Fontán, María Sagrario Torrado Blanco, María Carmen Regueira Baldomir, María Teresa Vispalia Blanco, Sandra Villar Giner, Rebeca Losada

González e Carmen Regina Núñez González, en relación cos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a Orde do 3 de agosto de 2007 pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo no anexo II (opositores aprobados, corpo de profesores de ensino secundario) a:

Nº DE ORDE	NIF	QUENDA	APELIDOS E NOME	PTOS. PROBA	PUNT. CONC.	PUNT. TOTAL
DISCIPLINA: 590004 -LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.						
71	32674456-N	L	PAZ RODRÍGUEZ RAQUEL	6,2200	7,9322	6,9049
74	32445186-Y	L	FREIRE PRADO MARÍA	6,3500	7,6664	6,8766
DISCIPLINA: 590007 -FÍSICA E QUÍMICA.						
29	33277410-K	L	LÓPEZ FONTÁN JOSÉ LUIS	5,2209	10,000	7,1325
DISCIPLINA: 590012 -ALEMÁN.						
2	76777407-A	L	TORRADO BLANCO Mª SAGRARIO	8,5462	4,4997	6,9276
DISCIPLINA: 590017 -EDUCACIÓN FÍSICA.						
42	79310615-Z	L	REGUEIRA BALDOMIR Mª CARMEN	6,5700	8,4500	7,3220
DISCIPLINA: 590019 -TECNOLOXÍA.						
27	34891150-N	L	VISPALIA BLANCO Mª TERESA	5,3210	9,8706	7,1408
DISCIPLINA: 590053 -LINGUA E LITERATURA GALEGAS.						
64	34897254-K	L	VILLAR GINER SANDRA	7,7378	6,2375	7,1377
DISCIPLINA: 590103 -ASESORÍA E PROCESOS DE IMAXE PERSOAL.						
4	33276756-B	L	NÚÑEZ GONZÁLEZ CARMEN REGINA	5,3202	9,1996	6,8719
DISCIPLINA: 590107 -INFORMÁTICA.						
14	32791952-R	L	LOSADA GONZÁLEZ REBECA	5,3950	8,3500	6,5770

Segundo.-O disposto no punto anterior supón a modificación do número de orde da lista de aprobados por especialidades que figuraban na Orde do 3 de agosto de 2007 publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 23 de agosto.

Na especialidade de lingua castelá e literatura, quen ocupaba o número 71 na listaxe da Orde do 3 de agosto de 2007 pasa a ser o 72 e así sucesivamente ata o que ocupaba o número 73, que pasa a ocupar o número 75; xa que logo, os que ocupaban o número 75 e os sucesivos pasan a ocupar o número inmediatamente superior.

No resto das especialidades afectadas a lista quedará modificada a partir dos números que ocupan as persoas relacionadas no punto primeiro desta orde, pasando os opositores aprobados restantes a ter un número correlativamente superior ao que tiñan.

Terceiro.-Os opositores relacionados no punto primeiro desta orde son nomeados funcionarios e funcionarias en prácticas con efectividade administrati-

va do 19 de setembro de 2007, agás as especialidades propias da formación profesional específica, que será o 24 de setembro de 2007, e económica do día da toma de posesión no seu destino.

Cuarto.-A Secretaría Xeral adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria